

Resolución do 31 de outubro de 2007 pola que se fai pública a ampliación do límite de crédito dispoñible para a creación da Rede Igape-organismos galegos de apoio aos emprendedores, ao abeiro da base reguladora de apoios a proxectos colaborativos de carácter empresarial (procedemento IG126-artigo 9.1.2).

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza que tivo lugar o día 1 de febreiro de 2007, acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape, publicadas mediante Resolución do 9 de marzo de 2007 (DOG nº 59, do 23 de marzo), as cales se dividen en tres:

-Base reguladora dos incentivos a proxectos de investimento empresarial.

-Base reguladora das axudas a iniciativas xeradoras de coñecemento nas Pemes.

-Base reguladora das axudas a proxectos colaborativos de carácter empresarial.

E complementáanse coas bases reguladoras da tramitación dos procedementos.

Mediante Resolución do 10 de abril de 2007 procedeuse á convocatoria de determinadas liñas de axuda e á publicación dos créditos asignados a cada unha delas (DOG nº 74, do 17 de abril).

Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas, semella oportuno incrementar o importe aprobado para a creación da Rede Igape-organismos galegos de apoio aos emprendedores, ao abeiro da base reguladora de apoios a proxectos colaborativos de carácter empresarial.

Na súa virtude e, de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO

Único.-Amplíase en 44.000 € o crédito para o exercicio 2007 establecido na partida E6/20/03-651 para a creación da Rede Igape-organismos galegos de apoio aos emprendedores, ao abeiro da base reguladora de apoios a proxectos colaborativos de carácter empresarial (procedemento IG126-artigo 9.1.2.), resultando un total de crédito dispoñible de 144.000 €.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2007.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 31 de outubro de 2007 pola que se convoca concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño.

A disposición transitoria terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece, respecto da mobilidade dos funcionarios dos corpos docentes, que en tanto non sexan desenvolvidas as previsións contidas na devandita lei que afecten a mobilidade mediante concurso de traslados dos funcionarios docentes nela recollidos, a mobilidade axustarase á normativa vixente á entrada en vigor desta.

De conformidade co establecido no parágrafo anterior, así como no Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes e existindo prazas vacantes nos centros docentes, que se deben prover entre funcionarios dos corpos que a continuación se citan, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dispuxo convocar concurso de traslados de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

Convócase concurso de traslados, de acordo coas especificacións que se citan nesta orde, para a provisión de prazas vacantes entre funcionarios docentes dos corpos de:

-Profesores de ensino secundario (corpo 590).

-Profesores técnicos de formación profesional (corpo 591).

-Profesores de escolas oficiais de idiomas (corpo 592).

-Catedráticos de música e artes escénicas (corpo 593).

-Profesores de música e artes escénicas (corpo 594).

-Profesores de artes plásticas e deseño (corpo 595).

-Mestres de taller de artes plásticas e deseño (corpo 596).

Este concurso rexeráse polas seguintes disposicións: Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, Real

decreto 575/1991, do 22 de abril, Real decreto 1701/1991, do 29 de novembro, Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, modificado polo Real decreto 2042/1995, do 22 de decembro, Real decreto 777/1998, do 30 de abril, Real decreto 1027/1993, do 25 de xuño, Real decreto 2193/1995, do 28 de decembro, Decreto 140/2006, do 31 de agosto e a Orde do 6 de outubro de 2006.

Segunda.-Publicación de prazas correspondentes aos corpos citados no punto anterior.

As vacantes provisionais do concurso publicaranse antes do día de remate do prazo de solicitudes previsto na base décimo terceira desta convocatoria e as vacantes definitivas antes da finalización do prazo de renuncias establecido na base décimo sétima desta orde.

Ao abeiro desta orde convócanse, ademais das vacantes previstas no momento da convocatoria, as que se produzan por xubilación forzosa por cumprir os 70 anos de idade, as que se produzan pola xubilación voluntaria anticipada prevista na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as que se produzan, por outras causas, ata o 31 de decembro de 2007, as que resulten do concurso de traslados específico de educación para adultos e as que resulten da resolución do concurso en cada corpo polo que se concursa. Todas elas sempre que se correspondan coas prazas o funcionamento das cales se atope previsto na planificación xeral educativa.

Terceira.-Corpo de profesores de ensino secundario.

O profesorado pertencente a este corpo poderán solicitar as seguintes prazas:

1. Prazas correspondentes ás especialidades das que sexan titulares, para as localidades e os centros que figuran no anexo I a esta orde, e para as especialidades que se indican no anexo VII. A petición de localidade implica que se solicitan todos os centros desta pola orde en que aparecen relacionados no anexo I.

2. Prazas de cultura clásica. Teñen esta denominación aquelas prazas nas que, de conformidade co establecido na disposición adicional décima do Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, poden acceder indistintamente os titulares das especialidades de latín ou grego. Estas prazas aparecerán convenientemente diferenciadas nos equipos persoais dos centros e o profesor que acceda a elas estará obrigado a impartir tanto as materias ou áreas atribuídas á especialidade de grego como á de latín.

Cuarta.-Profesores técnicos de formación profesional.

O profesorado pertencente a este corpo poderá solicitar as prazas correspondentes ás especialidades das que sexan titulares, para as localidades e os centros que figuran no anexo I e para as especialidades que figuran no anexo VIII. A petición de localidade impli-

ca que se solicitan todos os centros desta pola orde en que aparecen relacionados no anexo I.

Quinta.-Profesores de escolas oficiais de idiomas.

O profesorado pertencente a este corpo, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo II e para as especialidades que figuran no anexo IX.

Sexta.-Catedráticos e profesores de música e artes escénicas.

1. Os catedráticos do corpo de música e artes escénicas, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo III e para as especialidades que figuran no anexo X.

2. O profesorado de música e artes escénicas, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo III e para as especialidades que figuran no anexo XI.

Sétima.-Profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño.

1. O profesorado do corpo de artes plásticas e deseño, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo IV, para as especialidades que figuran no anexo XII.

2. Os mestres de taller de artes plásticas e deseño, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo IV, para as especialidades que figuran no anexo XIII.

Oitava.-Participación voluntaria.

1. Funcionarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1.1. Poderán participar con carácter voluntario neste concurso de traslados:

a) Os funcionarios que estean en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido no parágrafo segundo do número 6 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, transcorresen ao termo deste curso académico, polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

b) Os funcionarios que se atopen en situación de servizos especiais declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que transcorresen ao termo deste curso académico, polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

c) Os funcionarios que se atopen en situación de excedencia voluntaria declarada desde centros

actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Se se trata dos supostos de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar recollida nos puntos 2º e 3º do artigo 55 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública galega, só poderán participar se, ao finalizar o curso escolar en que se realicen as convocatorias, transcorreron dous anos desde que pasaron a esta situación.

d) Os funcionarios que atopen en situación de suspensión declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, ao finalizar o curso escolar en que se realicen as convocatorias, transcorrese o tempo de duración da sanción disciplinaria de suspensión.

1.2. Para os efectos previstos no punto 1 entenderase como data de finalización do curso académico a do 31 de agosto de 2008.

1.3. De conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, para participar no concurso de traslados a prazas na que é preceptivo impartir o ensino en lingua galega, o profesorado terá que acreditar a capacitación na devandita lingua, e deberá estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4), da súa validación ou títulos equivalentes. De conformidade co establecido no devandito decreto, nas especialidades de filosofía, xeografía e historia, física e química, bioloxía e xeoloxía, matemáticas, debuxo e en todas as especialidades do corpo de profesores de ensino secundario referentes á formación profesional específica e en todas as especialidades do corpo de profesores técnicos de formación profesional, será requisito imprescindible estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4), superar o curso de perfeccionamento de lingua galega, ter a validación correspondente ou superalo a través de proba libre. Para estes únicos efectos, entenderase que reúnen este requisito os que superaran a proba de coñecementos de lingua galega no procedemento selectivo de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño.

Este requisito deberá posuírse e xustificarse no prazo de reclamacións e renuncias previsto na base décima sétima.

1.4. Os que desexen exercitar un dereito preferente para a obtención de destino deberán aterse ao que se determina na base décima desta convocatoria.

Novena.-Participación forzosa.

1. Están obrigados a optar ás prazas anunciadas nesta convocatoria, dirixindo a súa instancia á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos termos indicados na base décima segunda, os funcio-

narios que se atopen nalgunha das situacións que se indican a continuación:

a) Funcionarios que, procedentes da situación de excedencia ou suspensión de funcións, reingresaran con destino provisional no ámbito de xestión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con anterioridade á data de publicación desta convocatoria.

No suposto de que non participen neste concurso ou non soliciten suficiente número de prazas vacantes, adxudicaráselles de oficio destino definitivo en prazas que poidan ocupar segundo as especialidades das que sexan titulares, en centros situados na comunidade autónoma.

A adxudicación de oficio realizarase no momento en que corresponda ao interesado en función da súa puntuación ou número de orde, efectuándose por provincias, e dentro de cada provincia pola orde coa que se publican os centros nesta convocatoria. De non consignar provincias de preferencia o interesado, adxudicaranse pola súa orde de código.

De non se adxudicarlles destino definitivo permanecerán en situación de destino provisional.

b) Os funcionarios que se atopen na situación de excedencia forzosa ou suspensión de funcións con perda do posto de destino e que, cumprida a sanción, non obtiveran un reingreso provisional, e que fosen declarados nestas situacións desde un centro dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os funcionarios incluídos no parágrafo anterior, no suposto de non participar neste concurso, ou se participando non solicitasen suficiente número de centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos que corresponde impartir ensinanzas ao seu corpo, cando non obtivesen destino definitivo, quedarán na situación de excedencia voluntaria, recollida no punto 2º a) do artigo 55 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública galega.

c) Os funcionarios que, estando adscrito a prazas no exterior, deban reincorporarse ao ámbito territorial de xestión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no curso 2008/2009, ou que reincorporándose en cursos anteriores, non obtivesen un destino definitivo.

O profesorado que desexe exercitar o dereito preferente á localidade a que se refire o artigo 52.2º do Real decreto 1138/2002, do 31 de outubro, deberán solicitar, de conformidade co establecido na base décima desta convocatoria, todas as prazas ás que poidan optar en virtude das especialidades das que sexan titulares correspondentes aos centros da localidade na que tiveron o seu último destino definitivo. No suposto de que non obteñan destino, quedarán adscritos provisionalmente á devandita localidade.

d) Os funcionarios que perdesen o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de

recurso, ou por atoparse en situación de desprazado por falta de horario ou suprimidos do posto que desempeñaban con carácter definitivo.

O profesorado que no curso académico 2007/2008 estea desprazado do seu centro de destino definitivo por falta de horario (aqueles que teñen 0 horas no centro de destino) participarán no concurso cos mesmos dereitos que os profesores suprimidos. Esta situación acreditarase mediante certificación da dirección do instituto co visto e prace da Inspección Educativa, agás que xa figurase nos anexos das resolucións de 13 e 21 de setembro de 2007 (DOG do 19 e 24 de setembro), da secretaría xeral, pola que se adxudica destino provisional para o curso académico 2007/2008 ao profesorado que non tiña horario no seu centro. Estes profesores poderán exercer o dereito preferente ao centro a que se refire o artigo 4 do Real decreto 1701/1991, do 29 de novembro, na súa redacción dada polo Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, na forma que se indica na base décima desta convocatoria. Así mesmo, poderán exercer o dereito preferente á localidade na forma que se indican na citada base décima.

e) O profesorado con destino provisional que durante o curso 2007/2008 estea a prestar servizos en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que figuren como tales na Resolución do 28 de maio de 2007 (DOG do 7 de xuño), pola que se resolvía o concurso de traslados do curso anterior. Estes funcionarios están obrigados a solicitar prazas da especialidade ou especialidades das que sexan titulares de acordo coas bases desta convocatoria.

Aos profesores incluídos neste punto que non concursen ou facéndoo non soliciten suficiente número de prazas vacantes, adxudicaráselles de oficio destino definitivo en postos aos que poidan optar polas especialidades das que sexan titulares en centros situados na comunidade autónoma.

En caso de non obter destino definitivo serán destinados provisionalmente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo procedemento que se estableza.

f) Os funcionarios en prácticas que superaron o procedemento selectivo convocado pola Orde do 9 de abril de 2007.

2. Os participantes no concurso pola epígrafe f) do número anterior farano con cero puntos. A adxudicación de destino será efectuada polo número de orde co que figuran nos anexos da Orde do 3 de agosto de 2007 (DOG do 23 de agosto).

A aqueles profesores que debendo participar por esta epígrafe f) non cursen a súa petición ou participando non soliciten suficiente número de centros, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adxudicaralles de oficio destino definitivo en prazas que poidan ocupar segundo as especialidades das que sexan titulares ou, se é o caso, destino provisional. A

devandita adxudicación realizárase, de ser o caso, de acordo coas peticións que as e os participantes cursasen na petición de destinos provisionais as normas de adxudicación dos cales se regulan por Resolución do 20 de xuño de 2007 da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 28 de xuño).

O destino que puidese corresponderlles estará condicionado, se é o caso, á superación da fase de prácticas e ao nomeamento como funcionario de carreira.

3. Quedan exceptuados da obrigatoriedade de concursar:

a) Os que, procedendo do corpo de mestres, accedesen ao corpo de profesores de ensino secundario a través do procedemento de acceso a corpos docentes de grupo superior e optasen por continuar no corpo de mestres.

A estes mestres, se resultaron adscritos ao primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria na mesma especialidade pola que accederon ao corpo de profesores de ensino secundario, seralles de aplicación, se non participan neste concurso, o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 15 de maio de 1996, pola que se regula o proceso de adscrición de funcionarios de corpo de mestres afectados por implantación de educación primaria e de primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria.

b) Os funcionarios dos corpos de mestres ou profesores técnicos de formación profesional que accederon ao corpo de profesores de ensino secundario e optaron por permanecer no seu corpo de orixe.

c) O profesorado desprazado do instituto cando neste teña destino definitivo un profesor ou profesora da mesma especialidade nacido/a antes do 31 de agosto de 1947. Se houbese máis dun profesor desprazado non estará obrigado a concursar o que desempeñe maior dereito, conforme os criterios establecidos no Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda de destino definitivo por as funcionarios e funcionarios docentes.

Décima.-Dereitos preferentes.

O profesorado que se acolla ao dereito preferente farano constar nas súas instancias, indicando a causa na que apoian a súa petición.

Para os efectos de solicitude de prazas só teranse en conta os seguintes dereitos preferentes:

1. Dereito preferente ao centro.

1.1. Dereito de retorno.

De conformidade co establecido no punto décimo oitavo da Orde do 1 de outubro de 1998, os profesores que fixesen reserva do dereito de retorno terán dereito preferente ao seu centro de orixe nas especialidades das que sexan titulares, ou á praza de orixe do mesmo centro.

De conformidade co establecido no artigo 10 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda de destino definitivo, no caso de traslado de ensinanzas, durante os seis anos seguintes á realización do devandito traslado as funcionarias e funcionarios docentes afectados terán un dereito de retorno ao seu centro de orixe en calquera das especialidades das que sexan titulares. Este dereito de retorno será compatible cos dereitos preferentes restantes regulados nesta orde.

Para exercer este dereito preferente, deberán consignar na solicitude de participación, en primeiro lugar, o código do centro e especialidade á que corresponda a vacante, podendo consignar ademais outras peticións correspondentes a prazas ás que poidan optar, en virtude das especialidades das que sexan titulares ou da titulación que posúan, se desexan concursar a el fóra do dereito preferente.

1.2. Dereito preferente a prazas, no centro no que teñan destino definitivo, da nova especialidade adquirida, en virtude dos procedementos selectivos convocados para tal efecto ao abeiro do título V do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro.

De conformidade co disposto na disposición adicional décimo terceira.1 do Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, e do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, os funcionarios de carreira que adquirisen unha nova especialidade ao ser declarados aptos nos procedementos selectivos convocados para tal efecto, gozarán de preferencia, por unha soa vez, e con ocasión de vacante, para obter destino en prazas da nova especialidade adquirida no centro onde teñan destino definitivo, sen prexuízo do establecido no punto 2.2 desta base. Para exercer este dereito preferente, deberán consignar na solicitude de participación, en primeiro lugar, o código do centro e especialidade a que corresponda a vacante, podendo consignar ademais outras peticións correspondentes a prazas a que poidan optar, en virtude das especialidades das que sexan titulares se desexan concursar a elas fóra do dereito preferente.

1.3. Dereito preferente para obter postos no centro onde tivesen destino definitivo.

De conformidade co disposto na disposición adicional décimo terceira do Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, os profesores desprazados do posto de traballo no que teñan destino definitivo, gozarán mentres se mantéña esta circunstancia de dereito preferente ante calquera outro aspirante para obter calquera outro posto no mesmo centro, sempre que reúnan os requisitos exixidos para o seu desempeño e sen prexuízo do establecido na base décima, punto 1, desta orde.

Cando concorran dous ou máis profesores nos que se dea a circunstancia sinalada no parágrafo anterior, adxudicarase a praza ao profesor que conte con maior puntuación neste concurso de traslados.

O profesorado que desexe exercer este dereito deberá consignar na instancia de participación en primeiro lugar o código do centro e especialidade á que corresponda a vacante. Igualmente, deberán incluír a continuación outras peticións correspondentes a prazas doutros centros da localidade a que poidan optar en virtude das especialidades das que sexan titulares.

2. Dereitos preferentes á localidade.

2.1. O profesorado que resultase desprazado ou suprimido no proceso de adscrición regulado pola Orde do 1 de outubro de 1998, terán dereito preferente á localidade na que estaba situado o seu centro.

Así mesmo, terán dereito preferente á localidade na que está situado o centro o profesorado suprimido, o profesorado desprazado do seu centro no curso académico 2007/2008 por falta de horario ou que estea a prestar servizos no seu centro noutra especialidade. En todo caso, considerarase profesorado desprazado por falta de horario o que, como consecuencia de traslado de ensinanzas, non puido quedar adscrito definitivamente no centro receptor, segundo o disposto no artigo 7.3º do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes.

Para que o dereito preferente teña efectividade, os solicitantes están obrigados a consignar na súa instancia de participación en primeiro lugar todas as prazas correspondentes ás especialidades a que poidan optar dos centros convocados no concurso de traslados dentro da localidade na que aspiren a exercer o dereito preferente, relacionados por orde de preferencia.

2.2. Dereitos preferentes á localidade previstos no Real decreto 1138/2002, do 31 de outubro, polo que se regula a acción educativa no exterior.

Os funcionarios que gocen do devandito dereito poderán facer uso deste para a localidade onde tiveron o seu último destino definitivo no corpo. Para que o dereito preferente teña efectividade, os solicitantes están obrigados a consignar na súa instancia de participación en primeiro lugar, todas as prazas correspondentes ás especialidades a que poidan optar dos centros convocados no concurso de traslados dentro da localidade na que aspiren a exercer o devandito dereito, relacionados por orde de preferencia.

Os concursantes por esta epígrafe 2, no caso de que se omitisen algúns dos centros da localidade onde desexen exercer o dereito preferente, a Administración, de oficio, consignará os centros restantes da devandita localidade.

Poderán incluír a continuación outras peticións correspondentes a prazas ás que poidan optar en virtude das especialidades das que sexan titulares, se desexan concursar a elas fose do dereito preferente.

Décimo primeira.-Forma de participación.

1. Aínda que se concursa por máis dunha especialidade, os concursantes realizarán unha soa petición e presentarán unha única instancia, acompañada dunha fotocopia desta e dunha folla de alegación e autobaremação, axustada ao modelo que se atopará á disposición dos interesados (www.edu.xunta.es/profesorado) e simultaneamente presentarán para a demostración dos méritos, os documentos salientados no baremo que aparece como anexo V ou VI nesta orde, en cada un dos cales deberá facerse constar o nome, apelidos, especialidade e corpo.

Coa finalidade de reducir e simplificar os trámites administrativos que deben realizar os concursantes, os que, participando nos concursos de traslados convocados nos últimos oito anos, non retirasen a documentación presentada, non deberán acreditar ningún dos méritos alegados e xustificados.

Estes participantes deberán achegar unicamente a documentación dos méritos entón non alegados e non xustificados debidamente ou, se é o caso, a documentación correspondente aos méritos perfeccionados con posterioridade á súa última participación no concurso de traslados, sempre que a puntuación correspondente non lle sexa incorporada de oficio pola Secretaría Xeral. Os interesados poderán verificar se esta puntuación lle foi incorporada de oficio na páxina web da Secretaría Xeral, Subdirección Xeral de Persoal (www.edu.xunta.es/profesorado).

A instancia dirixirase á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. A solicitude deberá efectuarse a través da internet a través a páxina web da secretaría xeral, imprimirse a petición que poderá presentarse no propio centro educativo no que se presta servizos. Neste caso, o centro procederá a remitir a solicitude á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

No momento de presentación da instancia de participación, os novos méritos alegados deberán ser xustificados documentalmentemente, segundo determina o baremo, consignando os datos aos que se refire o primeiro parágrafo desta base.

Todas as fotocopias que se remitan deberán ir acompañadas das dilixencias de compulsa, expedidas polos directores dos centros, ou das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Non se admitirá ningunha fotocopia que careza da dilixencia de compulsa.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá requirir o interesado, en calquera momento, a xustificación daqueles méritos alegados que non fosen debidamente acreditados.

Aínda cando se concorra a prazas de diferentes especialidades, soamente poderá obterse un único destino.

Décimo segunda.-Presentación e solicitudes.

As instancias, orixinal e copia, así como a documentación referida no punto anterior, poderán presentarse nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas secretarías do centro educativo onde presta servizos o concursante ou en calquera das dependencias ás que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En caso de que optasen por presentar a solicitude ante unha oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

Sen prexuízo do anterior, deberase ter en conta que as secretarías dos centros docentes non son unha das oficinas nas que se poden presentar os documentos dirixidos a calquera organismo público, de conformidade co disposto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décimo terceira.-Prazo de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentos será o comprendido entre os días 12 e o 28 de novembro de 2007, ambos os dous inclusive. Finalizado este prazo non se admitirá ningunha solicitude.

Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias non se admitirá modificación ningunha ás peticións formuladas. Non obstante, admitiráselles renuncia a participar no concurso de traslados aos concursantes con carácter voluntario no prazo establecido para as reclamacións á lista provisional, na base décimo sétima, entendendo que tal renuncia afecta todas as peticións e especialidades consignadas na súa instancia de participación.

Décimo cuarta.

Os asinantes das instancias deberán manifestar nelas, de modo expreso, que reúnen os requisitos exigidos na convocatoria, consignando os centros que soliciten por orde de preferencia, cos números de código e especialidade que figuran nos anexos a esta orde.

Décimo quinta.-Comisións de avaliación.

Para a avaliación dos méritos alegados polos concursantes, no que se refire ao punto 2.1 do baremo de puntuacións do anexo V e o punto 1.2.3, 1.3.2 e 2.1 do anexo VI a esta orde, a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria designará as comisións ditaminadoras oportunas, compostas polos seguintes membros:

a) Para o corpo de profesores de ensino secundario:

-A presidencia será nomeada entre os funcionarios que exerzan a función inspectora en materia educativa ou funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario coa condición de catedrático en activo.

-Vogais: catro profesores do corpo de profesores de ensino secundario, en activo elixidos ao chou.

b) Para o corpo de profesores técnicos de formación profesional:

-A presidencia será nomeada entre os funcionarios que exerzan a función inspectora en materia educativa ou funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario ou profesores técnicos de formación profesional en activo.

-Catro vogais, todos eles funcionarios dos corpos de profesores de ensino secundario ou profesores técnicos de formación profesional en activo elixidos ao chou.

c) Para o corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas:

-A presidencia será nomeada entre os funcionarios que exerzan a función inspectora en materia educativa ou funcionarios do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, en activo.

-Catro vogais, do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas en activo elixidos ao chou.

d) Para os corpos de profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño:

-A presidencia será nomeada entre funcionarios que exerzan a función inspectora en materia educativa ou funcionarios do corpo de profesores de artes plásticas e deseño, en activo.

-Catro vogais, funcionarios de carreira dos corpos de profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño en activo elixidos ao chou.

-Poderán, se é o caso, nomearse comisións para os corpos de catedráticos e profesores de música e artes escénicas.

En cada unha das comisións ditaminadoras anteriores actuará como secretario o funcionario que designe a secretaría xeral de entre os que exerzan funcións na devandita secretaría xeral.

Así mesmo, poderá asistir ás comisións ditaminadoras un representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, con voz e sen voto.

As comisións ditaminadoras poderán solicitar o asesoramento que consideren oportuno.

Os membros das comisións estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A asignación de puntuación que corresponde aos concursantes, polos restantes puntos do baremo de méritos, será levada a efecto por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira, para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Décimo sexta.-Resolución provisional do concurso.

Unha vez recibidas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria as actas das comisións ditaminadoras, coas puntuacións asignadas aos concursantes, procederase conforme as peticións e os méritos dos participantes á adxudicación dos destinos e faranse públicas, na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (www.edu.xunta.es/profesorado) e nas súas delegacións provinciais, as resolucións provisionais dos concursos de traslados.

No caso de que se producisen empates no total das puntuacións, estes resolveranse atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada un dos puntos do baremo conforme a orde en que aparecen neste. Se persistise o empate, atenderase á puntuación obtida nas distintas subepígrafes pola orde en que aparecen no baremo. En ambos os dous casos, a puntuación que se tome en consideración en cada punto non poderá superar a puntuación máxima establecida para cada un deles no baremo, nin, no suposto das subepígrafes, a que corresponda como máximo á epígrafe en que se atopen incluídos. Cando, ao aplicar estes criterios, algún ou algúns das subepígrafes alcance a máxima puntuación outorgada á epígrafe á que pertence, non se tomarán en consideración as puntuacións do resto de subepígrafes. De resultar necesario, utilizarase como criterios de desempate o ano no que se convocou o procedemento selectivo a través do cal se ingresou no corpo e a puntuación pola que resultou seleccionado.

Décimo sétima.-Reclamacións e renuncias.

Os concursantes poderán presentar reclamacións ás resolucións provisionais, a través do órgano en que presentaron a súa instancia de participación, no prazo de dez días a partir da súa exposición.

Sen prexuízo do parágrafo anterior, os concursantes poderán presentar reclamacións á puntuación outorgada, con anterioridade á resolución provisional do concurso, unha vez que se fagan públicas na páxina web desta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O prazo de renuncias, que será de cinco días hábiles, será establecido na resolución provisional deste concurso. Estas reclamacións ou renuncias presentaranse polos procedementos a que alude a base décimo segunda.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva. O destino adxudicado na resolución definitiva é irrenunciable.

De conformidade co establecido no artigo 9 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, o funcionariado docente desprazado por falta de horario que participe no concurso de traslados exercendo o dereito preferente, poderá renunciar á participación no concurso nos catro primeiras convocatorias desde que se pro-

duza a perda de destino, mantendo o dereito preferente a obter destino no centro ou localidade.

Décimo oitava.-Resolución definitiva.

Consideradas as reclamacións e renuncias a que se refire a base anterior, a secretaría xeral procederá a ditar as resolucións definitivas destes concursos de traslados. A devandita resolución publicárase no *Diario Oficial de Galicia* na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (www.edu.xunta.es/profesorado). As prazas adxudicadas na devandita resolución son irrenunciabes, debendo incorporarse os participantes ás prazas obtidas.

Os concursantes que obteñan praza neste concurso nalgúns das especialidades non relacionadas no base 8 punto 1.3, estarán obrigados, no prazo de dous anos contados a partir do 1 de setembro de 2008, a obter, polo menos, o certificado de lingua, agás que acrediten superalo con anterioridade ou estar en posesión dalgunha das súas validacións ou homologacións.

Contra a resolución definitiva os interesados poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes segundo establecen os artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999.

Décimo novena.-Reingresos ao servizo activo.

-Por premios en exposicións ou en concursos de ámbito autonómico, nacional ou internacional. Por composicións estreadas como autor, publicacións, concertos como solistas ou gravacións con depósito legal, por premios en certames ou en concursos de ámbito autonómico, nacional ou internacional.	Ata 2,50 puntos	Os programas, críticas, os exemplares correspondentes e, se é o caso, a acreditación de ter obtido os premios correspondentes.
2.2. Valoración por traballos desenvolvidos (ver disposición complementaria cuarta).	Ata 10 puntos	
2.2.1. Por cada ano como director, en centros públicos docentes, en centros de profesores e recursos ou institucións análogas establecidas polas administracións educativas, así como director de agrupacións de lingua e cultura españolas. (Ver disposición complementaria cuarta). As fraccións de ano computaranse a razón de 0,25 puntos por mes completo.	3 puntos	Nomeamento expedido pola Administración educativa competente con dilixencia de posesión e cesamento ou, de ser o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2.2. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos e asimilados en centros públicos a que correspondan as vacantes ofertadas. (Ver disposición complementaria sexta do baremo). As fraccións de ano computaranse a razón de 0,16 puntos por mes completo.	2 puntos	Nomeamento expedido pola Administración educativa competente con dilixencia de posesión e cesamento ou, de ser o caso, certificación na que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2.3. Por cada ano noutros cargos directivos de centros públicos a que correspondan as vacantes ofertadas. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,08 puntos por mes completo.	1 punto	Documento xustificativo do nomeamento expedido pola Administración educativa competente con expresión da duración real do cargo ou, se é o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2.4. Por cada ano como xefe de seminario, coordinador de formación en centros de traballo, de área, departamento ou división de centros públicos de ensino secundario, bacharelato, adultos, formación profesional, artísticas e idiomas, coordinador do equipo de normalización lingüística ou asesor de formación permanente ou director dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou no proxecto Siega. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,04 puntos por mes completo.	0,50 puntos	Documento xustificativo do nomeamento expedido pola Administración educativa competente con expresión da duración real do cargo ou, se é o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2.5. Por cada ano de servizos desempeñando postos na Administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que se participa. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,12 puntos por mes completo.	1,50 puntos	Documento xustificativo do nomeamento expedido pola Administración educativa competente con dilixencias de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación de que continúa no posto.

(1) Salvo que se especifique o contrato, son fotocopias cotexadas.

- Disposicións complementarias:

Primeira.-Valoración da antigüidade.

1. Para os efectos das epígrafes 1.2.1., 1.2.4. e 1.2.5., valoraranse como ano todos aqueles servizos que se correspondan con servizos efectivos prestados desde a data de inicio do curso académico ata a data de remate del.
2. Os servizos aludidos nas epígrafes 1.2.2. e 1.2.3. non serán tidos en conta nos anos en que fosen simultáneos entre si ou cos servizos das epígrafes 1.2.1., 1.2.4. ou 1.2.5.

3. Para os efectos das epígrafes 1.2.1. e 1.2.4. serán computados os servizos que se prestasen en situación de servizos especiais, expresamente declarados como

tales nas epígrafes previstas no artigo 29.2º da Lei 30/1984, do 2 de agosto, así como as situacións de idéntica natureza establecida por disposicións anteriores á Lei 30/1984, do 2 de agosto. Igualmente serán computados, para estes efectos, o primeiro ano de excedencia por coidado de familiares, declarada de acordo coa da Lei 39/1999, do 5 de novembro, e co artigo 55.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Segunda.-Centro desde o que se solicita participar no concurso.

Para efectos do punto 1.2.4. do baremo, considérase como centro desde o que se solicita participar no concurso aquel ao que pertenza o aspirante con destino definitivo, ou no cal estea adscrito, sempre que esta situación implique perda do seu destino docente, sendo unicamente computables por esta epígrafe os servizos prestados como funcionario de carreira no corpo ao que corresponda a vacante. Quedan exceptuados do disposto no parágrafo anterior os funcionarios obrigados a concursar por teren perdido o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, por proviren de excedencia forzosa ou por supresión do seu posto de traballo nos termos establecidos na convocatoria. A estes funcionarios seralles de aplicación o disposto para tal efecto no punto 1.2.4. do baremo.

Terceira.-Funcionarios de carreira que participan por primeira vez con carácter voluntario.

Os funcionarios de carreira que participen por primeira vez con carácter voluntario poderán optar, indicándoo na súa instancia de participación, pola puntuación correspondente ao punto 1.2.4. deste baremo ou polo seu punto 1.2.5.

No caso de exercerem a opción polo punto 1.2.5. puntuaráselles por este punto, ademais dos anos de servizo prestados como funcionario de carreira en expectativa de destino, os que prestasen no centro desde o que participan cun destino definitivo.

No suposto de non manifestaren opción ningunha na instancia de participación, entenderase que optan pola puntuación correspondente ao punto 1.2.4. deste baremo.

Cuarta.-Valoración do traballo desenvolvido.

1. Polas epígrafes 2.2.1., 2.2.2., 2.2.3., 2.2.4. e 2.2.5. só se valorará o desempeñado/exercido como funcionario de carreira.

2. A valoración do traballo desenvolvido cando se atope referida a centros de adultos, só se valorará cando nos ditos centros se impartisen as mesmas ensinanzas que se imparten nos centros a que se refire esta epígrafe.

3. Para os efectos previstos nas epígrafes 2.2.1., 2.2.2. e 2.2.3. do baremo de méritos, consideraranse

centros públicos asimilados aos centros públicos de ensino secundario os seguintes:

-Institutos de bacharelato.

-Instituto de formación profesional.

-Centros de adultos, sempre que impartan as mesmas ensinanzas que nos centros a que se refiren estas epígrafes.

-Centros de ensinanzas integradas.

4. Para os efectos previstos na epígrafe 2.2.2. do baremo de méritos, consideraranse como cargos directivos asimilados, polo menos, os seguintes:

-Os cargos aludidos nesta epígrafe desempeñados en seccións de formación profesional.

-Xefe de estudos adxunto.

-Xefe de residencia.

-Delegado do xefe de estudos de instituto de bacharelato ou similares en comunidades autónomas.

-Director-xefe de estudos de sección delegada.

-Director de sección filial.

-Director de centro oficial de padroado de ensino medio.

-Administrador en centros de formación profesional.

-Profesor delegado no caso da sección de formación profesional.

5. Polo punto 2.2.3. do baremo de méritos puntuarase, polo menos, os seguintes cargos directivos:

-Vicesecretario.

-Delegado xefe de estudos nocturnos en sección delegada.

-Delegado do secretario en extensións de institutos de bacharelato ou similares en comunidades autónomas.

-Director, xefe de estudos ou secretario de centros homologados de convenio con corporacións locais.

-Director de colexio libre adoptado con número de rexistro de persoal.

-Secretario de centro oficial de padroado de ensino medio.

6. Cando se produza desempeño simultáneo de cargos, non poderá acumularse a puntuación.

En ningún dos demais casos se puntuarán fraccións de ano.

ANEXO VI

Baremo de prioridades na adxudicación de destino nos corpos de catedráticos e profesores de música e artes escénicas

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
I. Méritos expresamente indicados no punto I do anexo III do Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro.		
Antigüidade (ver disposición complementaria primeira).		
1.1.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados na situación de servizo activo como funcionario de carreira no corpo a que corresponda a vacante.	2 puntos	Título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.1.2. Por cada ano de servizos efectivos como funcionario de carreira noutros corpos ou escalas docentes a que se refire a LOE do mesmo ou superior grupo. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,12 puntos por mes completo.	1,5 puntos	Título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.1.3. Por cada ano de servizos efectivos como funcionario de carreira noutros corpos ou escalas docentes a que se refire a LOE de grupo inferior. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,06 puntos por mes completo.	0,75 puntos	Título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.1.4. Por cada ano consecutivo como funcionario con destino definitivo na mesma praza do centro desde o que se concursa ou no posto a que se estea adscrito temporalmente no estranxeiro, na función de inspector ao abeiro da disposición adicional décimo quinta da Lei de medidas para a reforma da función pública, ou noutros postos, servizos de investigación ou apoio á docencia, dependentes da Administración educativa, sempre que estas situacións de adscrición impliquen perda do seu destino docente.		Título administrativo e, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
Nos supostos de adscrición, o tempo que transcorre desde a súa finalización ata a participación neste concurso será valorado polo punto 1.1.5. (ver disposición complementaria segunda).		
Polo primeiro e segundo ano:	2 puntos por ano	
Polo terceiro ano:	3 puntos	
Polo cuarto e quinto ano:	4 puntos por ano	
Polo sexto ano:	5 puntos	
Polo sétimo e oitavo ano:	4 puntos por ano	
Polo noveno ano:	3 puntos	
Polo décimo e seguintes.	2 puntos por ano	
Son unicamente computables por esta epígrafe os servizos prestados como funcionario de carreira no corpo a que corresponda a vacante.		
Para os funcionarios obrigados a concursar por teren perdido o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, por proviren da situación de excedencia forzosa ou, se é o caso, por supresión expresa con carácter definitivo, nos termos en que se establezan en cada convocatoria, da súa praza, ou por teren sido desprazados dos seus centros nos termos que igualmente estableza cada convocatoria, consideraranse como praza desde a que participan, para os fins de determinar os servizos a que se refire esta epígrafe, a última servida con carácter definitiva, aos que se acumularán, se é o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera praza. Terán dereito, ademais, a que se lles acumulen á praza de procedencia os servizos prestados con carácter definitivo na praza inmediatamente anterior a aquela que lles foi suprimida. Para o caso de profesores afectados por supresións consecutivas de prazas, esa acumulación comprenderá os servizos prestados con carácter definitivo nas prazas que sucesivamente lles foron suprimidas.		
No suposto de que o profesor afectado non desempeñase outro destino definitivo, terá dereito a que se lle acumule para os efectos sinalados, a seguinte puntuación: 1 punto por cada ano con destino provisional. Igualmente, os ditos criterios serán de aplicación aos funcionarios que participen desde o destino adxudicado en cumprimento de sanción disciplinaria de traslado con cambio de residencia. Os funcionarios que se atopen prestando servizos no primeiro destino definitivo obtido despois de terselles suprimido a praza da que eran titulares terán dereito a que se lles consideren como prestados no centro desde o que concursan os servizos que acrediten no centro en que se lles suprimiu a praza e, se é o caso, os prestados con carácter provisional con posterioridade á citada supresión. Este mesmo criterio aplicarase a aqueles que se atopen prestando servizos no primeiro destino definitivo obtido despois de ter perdido o seu destino por cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa.		
1.1.5. Os funcionarios de carreira en expectativa de destino e os que, participando por primeira vez con carácter voluntario, opten na súa solicitude pola puntuación correspondente a esta subepígrafe en substitución da correspondente á subepígrafe 1.1.4., na forma que se especifica na disposición complementaria terceira deste baremo.		Título administrativo con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
Por cada ano de servizo:	1 punto	
1.2. Méritos académicos.	Máximo 10 puntos	
1.2.1. Por premios extraordinarios:		
-Por premio no último curso de grao superior da especialidade pola que se concursa.	5 puntos	Documento xustificativo del.
-Por mención honorífica no grao superior da especialidade correspondente ao ingreso no corpo desde o que se concursa.	3 puntos	Documento xustificativo del.
-Por premio fin de grao medio da especialidade correspondente ao título alegado para o ingreso no corpo desde o que se concursa.	5 puntos	Documento xustificativo del.
-Por mención honorífica fin de grao medio da especialidade ao título alegado para o ingreso no corpo desde o que se concursa.	3 puntos	Documento xustificativo del.
-Por premio ou mención honorífica nas especialidades diferentes ás alegadas para o ingreso no corpo desde o que se concursa.	1 punto	Documento xustificativo del.
1.2.2. Por outras titulacións:		
Unicamente se terán en conta, para os efectos da súa valoración, os títulos con validez oficial no Estado español.		Títulos que posúa ou, se é o caso, os certificados do aboamento dos dereitos de expedición de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
-Por cada título de profesor, profesor superior de conservatorio, escola superior de danza, canto ou arte dramática diferente ao alegado para o ingreso no corpo desde o que se concursa.		
Polo primeiro:	3 puntos	
Polos restantes:	1 punto	
1.3. Méritos artísticos:		
-Por composicións estreadas como autor, publicacións ou gravacións con depósito legal, por premios en certames ou en concursos de ámbito autonómico, nacional ou internacional.	Máximo 2,50 puntos	Os programas, críticas, exemplares correspondentes e, se é o caso, a acreditación de ter obtidos os premios correspondentes.
-Por concertos como director, solista, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos...) realizados nos últimos cinco anos.	Máximo 2,50 puntos	

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
1.4. Formación perfeccionamento e innovación.	Máximo 5 puntos	
1.4.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos das especialidades correspondentes ás prazas a que opte o participante, ou relacionados coa organización escolar ou coas novas tecnoloxías aplicadas á educación, organizados polo Ministerio de Educación e Ciencia, polas administracións educativas en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro, que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións anteditas, así como os organizados polas universidades.	Ata 4 puntos	Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse, de forma que faga fe o recoñecemento de homologación.
-Computaranse 0,10 puntos por cada 10 horas de curso superado e acreditado. Para estes efectos sumaranse as horas de todos os cursos e non se puntuará o resto do número de horas inferiores a 10 horas. Cando os cursos viñesen expresados en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.		
1.4.2. Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos.	Ata 1 punto	Certificación delas.
1.4.3. Por cada especialidade da que sexa titular correspondente ao corpo polo que se concursa distinta á de ingreso nel, adquirida a través do procedemento de adquisición de novas especialidades regulado no título III do Real decreto 850/1993, do 4 de xuño, e 334/2004, do 27 de febreiro.	1 punto	Credencial da adquisición da nova especialidade.
Epígrafe II. Outros méritos.	Máximo 20 puntos	
2.1. Publicacións (ver disposición complementaria cuarta).	Ata 5 puntos	
2.1.1. Por publicacións de carácter didáctico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais ou transversais do currículo ou coa organización escolar.	Ata 2,5 puntos	Os exemplares correspondentes.
Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas, así como aquelas nas que o autor sexa o editor delas.		
No caso de publicacións que soamente se dean en formato electrónico, presentárase un informe oficial no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indícase a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.		
2.1.2. Por publicacións de carácter científico e proxectos e innovacións técnicas sobre as disciplinas obxecto do concurso.	Ata 2,5 puntos	Os exemplares correspondentes.
Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas, así como aquelas nas que o autor sexa o editor delas.		
No caso de publicacións que soamente se dean en formato electrónico, presentárase un informe oficial no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indícase a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.		
Os méritos achegados de acordo con estas dúas subepígrafes só poderán puntuarse por un deles.		
2.1.3. Méritos artísticos:		
-Por premios en exposicións ou en concursos de ámbito autonómico, nacional ou internacional.	Ata 2,50 puntos	Os programas, críticas e, se é o caso, a acreditación de ter obtidos os premios correspondentes.
Os méritos achegados de acordo con esta subepígrafe non serán tidos en conta cando se achegasen para a súa valoración pola subepígrafe 1.3 deste baremo.		
2.2. Valoración por traballos desenvolvidos (ver disposición complementaria cuarta).	Ata 10 puntos	
2.2.1. Por cada ano como director en centros públicos docentes. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,25 puntos por mes completo.	3 puntos	Nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2.2. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos ou secretario e asimilados de centros públicos docentes. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,16 puntos por mes completo.	2 puntos	Nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2.3. Por cada ano noutros cargos directivos de centros públicos docentes. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,08 puntos por mes completo.	1 punto	Documento xustificativo do nomeamento con expresión da duración real do cargo.
2.2.4. Por cada ano de desenvolvemento de cargo de coordinación didáctica. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,04 puntos por mes completo.	0,50 puntos	Documento xustificativo do nomeamento con expresión da duración real do cargo.
2.2.5. Por cada ano de servizos desempeñando postos na Administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que se participa. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,12 puntos por mes completo	1,50 puntos	Documento xustificativo do nomeamento con expresión da duración real do cargo.

(1) Salvo que se especifique o contrario, son fotocopias cotexadas.

- Disposicións complementarias:

Primeira.-Valoración da antigüidade.

1. Para os efectos das epígrafes 1.1.1., 1.1.4. e 1.1.5. valoraranse como ano todos aqueles servizos que se correspondan con servizos prestados desde a data de inicio do curso académico ata a data de finalización deste.

2. Os servizos aludidos nas epígrafes 1.1.2. e 1.1.3. non serán tidos en conta nos anos en que foran simultaneos entre si ou cos servizos das epígrafes 1.1.1., 1.1.4. ou 1.1.5.
3. Para efectos das epígrafes 1.1.1. e 1.1.4. serán computados os servizos que se prestasen en situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nas epígrafes previstas no artigo 29.2º da Lei 30/1984, do 2 de agosto, así como as situacións de idéntica natureza establecidas por disposicións anteriores á Lei 30/1984, do 2 de agosto. Igualmente serán computados para estes efectos o primeiro ano de excedencia por coidado de familiares, declarada de acordo coa Lei 39/1999, do 5 de novembro e co artigo 55.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Segunda.-Centro desde o que se solicita participar no concurso.

Para efectos do punto 1.1.4. do baremo, considérase como centro desde o que se solicita participar no concurso aquel a que pertenza o aspirante con destino definitivo, ou no cal estea adscrito, sempre que esta situación implique a perda do seu destino docente, sendo unicamente computables por esta epígrafe os servizos prestados como funcionario de carreira no corpo a que corresponda a vacante. Quedan exceptuados do disposto no parágrafo anterior os funcionarios obrigados a concursar por teren perdido o seu destino definitivo en cumprimento da sentenza ou resolución de recurso, por provir de excedencia forzosa ou por supresión do seu posto de traballo nos termos establecidos na convocatoria. A estes funcionarios seralles de aplicación o disposto para tal efecto na epígrafe 1.1.4. do baremo.

Terceira.-Funcionarios de carreira que participan por primeira vez con carácter voluntario.

Os funcionarios de carreira que participen por primeira vez con carácter voluntario poderán optar, indicándoo na súa instancia de participación, pola puntuación correspondente ao punto 1.1.4. deste baremo ou polo seu punto 1.1.5.

No caso de exercer a opción polo punto 1.1.5. puntuaráselles por esta epígrafe, ademais dos anos de servizo prestados como funcionario de carreira en expectativa de destino, os que prestasen no centro desde o que participan cun destino definitivo.

No suposto de non manifestar ningunha opción na instancia de participación, entenderase que optan pola puntuación correspondente ao punto 1.1.4. deste baremo.

Cuarta.-Valoración do traballo desenvolvido.

1. Polas epígrafes 2.2.1., 2.2.2., 2.2.3., 2.2.4. e 2.2.5. só se valorará o desempeñado como funcionario de carreira.

2. Para os efectos previstos nas epígrafes 2.2.1., 2.2.2. e 2.2.3. do baremo de méritos, consideraranse centros públicos aos que correspondan as vacantes:

- Conservatorios superiores de música ou danza.
- Conservatorios profesionais de música ou danza.
- Conservatorios elementais de música.
- Escolas superiores de arte dramática.
- Escola superior de canto.

3. Para os efectos previstos na epígrafe 2.2.2. do baremo de méritos consideraranse como cargos directivos asimilados, de ser o caso, o de xefe de estudos adxunto.

4. Pola epígrafe 2.2.3. do baremo de méritos puntuaranse, de ser o caso, o cargo de vicesecretario.

5. Pola epígrafe 2.2.4. do baremo de méritos puntuaranse os seguintes cargos directivos:

-Xefe de seminario.

-Xefe de departamento didáctico.

6. Cando se produza desempeño simultáneo de cargos, non poderá acumularse a puntuación.

ANEXO VII

Especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (corpo 590)

Código	Especialidade
001	Filosofía
002	Grego
003	Latín
004	Lingua castelá e literatura
005	Xeografía e historia
006	Matemáticas
007	Física e química
008	Bioloxía e xeoloxía
009	Debuxo
010	Francés
011	Inglés
012	Alemán
016	Música
017	Educación física
018	Psicoloxía e pedagogía
019	Tecnoloxía
053	Lingua e literatura galega
061	Economía
101	Administración de empresas
102	Análise e química industrial
103	Asesoría e procesos de imaxe persoal
104	Construcións civís e edificación
105	Formación e orientación laboral
106	Hostalaría e turismo
107	Informática
108	Intervención sociocomunitaria
109	Navegación e instalacións mariñas
110	Organización e xestión comercial
111	Organización e proc. de mantemento de vehículos
112	Organización e proxectos de fabricación mecánica
113	Organización e proxectos sistemas enerxéticos
114	Procesos de cultivo acuícola
115	Procesos de produción agraria
116	Procesos na industria alimentaria
117	Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos
118	Procesos sanitarios
119	Procesos e medios de comunicación
120	Procesos e produtos de téxtil, confección e pel
121	Procesos e produtos do vidro e cerámica
122	Procesos e produtos en artes gráficas
123	Procesos e produtos en madeira e moble
124	Sistemas electrónicos
125	Sistemas electrotécnicos e automáticos
803	Cultura clásica

ANEXO VIII

Especialidades do corpo de profesores técnicos de formación profesional (corpo 591)

Código	Especialidade
201	Cociña e pastelería
202	Equipamentos electrónicos
203	Estética
204	Fabricación e instalación de carpintería e moble
205	Instalación e mantemento de equipamentos térmicos e de fluídos

Código	Especialidade
206	Instalacións electrotécnicas
207	Instalacións e equipamentos de cría e de cultivo
208	Laboratorio
209	Mantemento de vehículos
210	Máquinas, servizos e produción
211	Mecanizado e mantemento de máquinas
212	Oficina de proxectos de construción
213	Oficina de proxectos de fabricación mecánica
214	Operacións e equipamentos de elaboración de produtos alimentarios
215	Operación de procesos
216	Operacións de produción agraria
217	Patronaxe e confección
218	Perrucaría
219	Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico
220	Procedementos sanitarios e asistenciais
221	Procesos comerciais
222	Procesos de xestión administrativa
223	Produción de artes gráficas
224	Produción téxtil e tratamentos fisicoquímicos
225	Servizos á comunidade
226	Servizos de restauración
227	Sistemas e aplicacións informáticas
228	Soldadura
229	Técnicas e procedementos de imaxe e son

ANEXO IX

Especialidades do corpo de profesores de escolas
oficiais de idiomas (corpo 592)

Código	Especialidade
001	Alemán
006	Español para estranxeiros
008	Francés
009	Galego
011	Inglés
012	Italiano
015	Portugués
017	Ruso

ANEXO X

Especialidades do corpo de catedráticos de música
e artes escénicas (corpo 593)

Código	Especialidade
002	Harmonía e melodía acompañada
003	Arpa
006	Canto
008	Clarinete
009	Clave
010	Composición e instrumentación
013	Conxunto coral e instrumental
014	Contrabaixo
015	Contrapunto e fuga
028	Estética e historia da música, da cultura e da arte
030	Fagot
031	Frauta de bico
035	Guitarra
037	Historia da cultura e da arte
052	Óboe
058	Percusión
059	Piano
061	Repentización, transposición instrumental e acompañamento
066	Saxofón
068	Solfexo e teoría da música
072	Trombón
074	Trompa
075	Trompeta
076	Tuba
077	Viola

Código	Especialidade
078	Violín
079	Violoncelo

ANEXO XI

Especialidades do corpo de profesores de música
e artes escénicas (corpo 594)

Código	Especialidade
401	Acordeón
402	Arpa
403	Canto
404	Clarinete
405	Clave
406	Contrabaixo
407	Coro
408	Fagot
409	Flabiol i tambori
410	Frauta travesa
411	Frauta de bico
412	Fundamentos de composición
413	Gaita galega
414	Guitarra
415	Guitarra flamenca
416	Historia da música
417	Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco
418	Instrumentos de puga
419	Óboe
420	Órgano
421	Orquestra
422	Percusión
423	Piano
424	Saxofón
425	Tenora i tible
426	Trombón
427	Trompa
428	Trompeta
429	Tuba
431	Viola
432	Viola da gamba
433	Violín
434	Violoncelo
435	Danza española
436	Danza clásica
437	Danza contemporánea
438	Flamenco
439	Historia da danza
440	Acrobacia
441	Canto aplicado á arte dramática
442	Caracterización e indumentaria
443	Danza aplicada á arte dramática
444	Dicción e expresión oral
445	Dirección escénica
446	Dramaturxia
447	Esgriba
448	Espazo escénico
449	Expresión corporal
450	Iluminación
451	Interpretación
452	Interpretación con obxectos
453	Interpretación no musical
454	Interpretación no teatro do xesto
455	Literatura dramática
456	Técnicas escénicas
457	Técnicas gráficas
458	Teoría e historia da arte
459	Teoría teatral
460	Linguaxe musical

ANEXO XII**Especialidades do corpo de profesores de artes plásticas e deseño (corpo 595)**

Código	Especialidade
501	Cerámica
502	Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos
503	Conservación e restauración de obras escultóricas
504	Conservación e restauración de obras pitóricas
505	Conservación e restauración de téxtiles
506	Conservación e restauración do documento gráfico
507	Debuxo artístico e cor
508	Debuxo técnico
509	Deseño interiores
510	Deseño de moda
511	Deseño de produto
512	Deseño gráfico
513	Deseño téxtil
514	Edición da arte
515	Fotografía
516	Historia da arte
517	Xoiaría e ourivaría
518	Materiais e tecnoloxía: cerámica e vidro
519	Materiais e tecnoloxía: conservación e restauración
520	Materiais e tecnoloxía: deseño
521	Medios audiovisuais
522	Medios informáticos
523	Organización industrial e lexislación
524	Vidro
525	Volume

ANEXO XIII**Especialidades do corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño (corpo 596)**

Código	Especialidade
601	Artesanía e ornamentación con elementos vexetais
602	Bordados e encaixes
603	Complementos e accesorios
604	Dourado e policromía
605	Ebanistería artística
606	Encadernación artística
607	Esmaltes
608	Fotografía e procesos de reprodución
609	Modelismo e maquetismo
610	Moldes e reproducións
611	Musivaria
612	Talla en pedra e madeira
613	Técnicas cerámicas
614	Técnicas de gravado e estampación
615	Técnicas de xoiaría e bixutaría
616	Técnicas de ourivaría e prataría
617	Técnicas de patronaxe e confección
618	Técnicas de metal
619	Técnicas murais
620	Técnicas téxtiles
621	Técnicas vidreiras

ANEXO XIV

Don/a..., funcionario/a de carreira do corpo de..., especialidade..., co NRP... e destino definitivo/provisional (rísquese o que non proceda) no código...

Acóllese á opción de participar no concurso de traslados coa puntuación do concurso convocado pola Orde do 20 de outubro de 2006 (DOG do 9 de novembro), incrementando puntos nas epígrafes.

1.1.2. puntos.

1.2.1. 2 puntos.

1.2.4. puntos.

1.2.5. 1 punto.

Así mesmo, presenta/non presenta (rísquese o que non proceda) novos documentos, datados con posterioridade ao 1 de decembro de 2006, para seren tidos en conta nas epígrafes do baremo que se indican.

..., ... de ... 2007.

Sinatura do/a interesado/a

ANEXO XV

Don/a..., funcionario/a de carreira do corpo de..., especialidade..., co NRP... presenta a seguinte relación de novos documentos que se achegan para o concurso de traslados datados con posterioridade ao 1 de decembro de 2006.

Epígrafe documentos.

..., ... de ... de 2007.

Sinatura do/a interesado/a

Resolución do 31 de outubro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncian os postos de traballo vacantes que serán obxecto de provisión no concurso de traslados entre funcionarios do corpo de mestres, convocado pola Orde do 31 de outubro de 2007.

De conformidade co establecido na base décimo terceira da Orde do 31 de outubro de 2007 pola que se convoca concurso de traslados de ámbito autonómico entre funcionarios do corpo de mestres, esta secretaría xeral

RESOLVE:

Anunciar as vacantes provisionais que serán obxecto de provisión no concurso de traslados que se cita e que figuran no anexo desta resolución, con indicación, no caso das vacantes itinerantes de inglés, dos centros polos que itinera.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2007.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

Sedes e centros das vacantes itinerantes
de inglés do anexo

-Provincia da Coruña

Sede:

EEI de Covas (Ames)

Centros polos que itinera:

EEI de Outeiro (Ames)